



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Literatura Portuguesa 2	Código	613G02037	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web	https://www.udc.gal/gl/filo/grao_galego/index.html			
Descrición xeral	Estudo dos principais elementos relativos ao funcionamento da literatura portuguesa desde o século XIX até a actualidade			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Os contidos fixados mantéñense sen alteracións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Mantéñense todas as metodoloxías inicialmente previstas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: As sesións maxistras serán substituídas por sesións de atendimento grupal acordadas previamente con o alumnado. En función das condicións (quer técnicas quer persoais) do alumnado as exposicións orais e os obradoiros poderán ser realizadas de maneira (a)síncrona através de Teams. Se non houber condicións para isto, os obradoiros serán substituídos por estudos de caso e a presentación oral por unha ficha de lectura.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Toda a información e a documentación relativa á materia estará accesíbel no Campus Virtual. Teams, en horario e formato (síncrono ou asíncrono) acordados co alumnado. Correo electrónico a demanda do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Caso non houber condicións (técnicas ou persoais) as exposicións orais poderán ser eliminadas e o seu peso na avaliación distribuído equitativamente entre o traballo tutorizado e as lecturas (0,5 valores para cada unha destas metodoloxías).</p> <p>*Observacións de avaliación: As actividades contempladas neste apartado do guía da materia serán realizadas de modo non presencial e (a)síncrono. O alumnado con dificultades para o acompañamento da materia durante a vixencia deste plano de continxencia quer por motivos técnicos ou materiais (de conexión a internet, de acceso a computadores, etc.), quer por necesidades ou limitacións persoais de calquera tipo (coidados, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos, etc.) deberá contactar co profesor no menor tempo posíbel a fin de seren arbitradas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias para a atención de cada caso particular. As restantes observacións feitas á avaliación no guía docente da materia continúan en vigor.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Son disponibilizados no Campus Virtual todos os materiais bibliográficos necesarios para o acompañamento da materia</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.



A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos literarios e culturais, así como interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.	A18		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.	A20		
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOCO 1. QUESTÕES GERAIS E METODOLÓGICAS	1.1. Processos de nacionalização e canonização literária: o caso português 1.2. Ferramentas teórico-metodológicas para a análise da función e posición da literatura nos campos culturais
Tema 1. Da retórica para a literatura nacional	
BLOCO 2. DA INVASÃO FRANCESA À REPÚBLICA (1807-1910)	2.1. Produção, tradição e tradução 2.2. Agentes canonizados: Herculano, Garret, Camilo e Eça de Queirós. 2.3. Escritoras portuguesas do século XIX
Tema 2. O campo literário português no século XIX	
Tema 3. Do Romantismo para o Realismo	3.1. Novos e velhos: a ?Questão Coimbrã? 3.2. O programa realista: as ?Conferências Democráticas?
Tema 4. Crise política e campo literário finissecular	4.1 Repertorios e autorias 4.2. Cesário Verde



BLOCO 3. A PRIMEIRA REPÚBLICA E O ESTADO NOVO (1910-1974)	5.1. Renascença e Saudosismo: Teixeira de Pascoaes (e a Galiza) 5.2. Integralismo Lusitano: Afonso Lopes Vieira (e a tradição)
Tema 5. O campo literário português perante a República (1910-1933)	6.1. ?Orpheu? a ?Presença? e outras revistas 6.2. O ?drama em gente? de Fernando Pessoa 6.3. Florbela Espanca e outras escritoras
Tema 6. O(s) Modernismo(s)	7.1. A cultura de Estado: Salazarismo (e colonialismo)
Tema 7. O campo literário português no Estado Novo (1933-1974)	7.2. A Resiliência, a Resistência e a Periferia: Presencismo, Neorealismo e Surrealismo
BLOCO 4. DA REVOLUÇÃO DOS CRAVOS AO NÓBEL (1974-1998)	8.1. O romance: José Cardoso Pires, António Lobo Antunes e José Saramago 8.2. A poesia: Helberto Helder, Eugénio de Andrade e Ana Hatherly
Tema 8. O campo literário português depois do 25 de abril	9.1. As Novas Cartas Portuguesas 9.2. Agustina Bessa-Luís, Lídia Jorge e outras escritoras
Tema 9. O cânone e as produtoras	
BLOCO 5. A LITERATURA PORTUGUESA NO SÉCULO XXI	10.1. Agentes, repertórios, prémios, revistas, mercados, encontros, instituições, internacionalização, ...
Tema 10. Aproximação do campo literário português do Século XXI	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A18 A20 B1 B3 B7 C4	3	17	20
Presentación oral	B6 B7	2	15	17
Estudo de casos	A2 A14 B1 C4	2	25	27
Sesión maxistral	A18 B5 B7 C4	14	14	28
Obradoiro	A2 A11 B3 B6 B7 C4	14	14	28
Traballos tutelados	A2 A14 A18 B1 B3 B7	7	20	27
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Cada alumno/a escollerá dunha listaxe de lecturas fornecida polo profesor no inicio das sesións unha lectura breve (em formato artigo ou capítulo de libro) que será abordada de acordo coas instrucións recollidas polo docente no documento coa planificación da materia. O resultado desta abordaxe será obxecto de presentación oral e comentario no conxunto da turma.
Presentación oral	Cada alumno/a deberá abordar de acordo coas instrucións do profesor e presentar oralmente ao conxunto da turma un libro relacionado cos contidos da materia e escollido dunha listaxe de lecturas fornecida polo docente no inicio das sesións. Os materiais utilizados na exposición oral (diapositivos, esquemas, fragmentos etc.) serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Campus Virtual con antecedencia suficiente.
Estudo de casos	Comentario e análise crítica de materiais de vario tipo relativos aos contidos focados na materia. Aínda que serán realizados de preferència de forma autónoma polo alumnado a súa elaboración contará co acompañamento e a asesoría do profesor.



Sesión maxistral	Apresentación, desenvolvemento e análise de contéudos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Cada estudante realizará durante as sesións de docencia interactiva un conxunto variado de actividades (consulta de fontes documentais, análise de textos de diverso tipo, elaboración de esquemas, liñas temporais ou mapas conceituais, etc.). Tres destas actividades serán seleccionadas para avaliación.
Traballos tutelados	Utilizando metodoloxías con base na ?aprendizaxe colaborativa?, o alumnado realizará en grupos reducidos un traballo tutorizado focado de preferencia para a pesquisa, a documentación, a síntese e, sobre todo, a presentación de contéudos sobre a literatura portuguesa do século XXI. O traballo será presentado ao conxunto da turma e contará cunha parte expositiva e outra interactiva. Os materiais utilizados nesta actividade serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Campus Virtual con antecedencia suficiente. Tanto a composición da equipa como o(s) asunto(s) concreto(s) focado(s) no traballo será(n) acordado(s) co profesor no inicio das sesións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Presentación oral Estudo de casos	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do Traballo Tutorizado, das Leituras e dos Estudos de Caso.</p> <p>De maneira xeral, canto ao Traballo Tutorizado, para alén dos momentos habilitados durante as sesións semanais, cada equipa asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á súa presentación.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro ou para calquera estudante cuxas condicións (laborais, de conciliación, de cuidados, ...) non permitan un acompañamento regular das aulas ou dos traballos propios da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A14 A18 B1 B3 B7	Serán avaliados os contéudos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". O traballo en equipa, a corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados tanto para resolver eventuais problemas como para presentar o traballo serán tamén obxecto de avaliación.	25
Lecturas	A2 A18 A20 B1 B3 B7 C4	Será avaliada a consecución dos obxectivos fixados para esta actividade, nomeadamente a estrutura e contéudos dos materiais achegados. Da mesma maneira, serán obxecto de avaliación a cualidade da presentación dos contéudos específicos e dos materiais utilizados.	10
Presentación oral	B6 B7	Para alén da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contéudo, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipa.	10



Obradoiro	A2 A11 B3 B6 B7 C4	Serán tamén obxecto de avaliación o correcto cumprimento das tarefas encomendadas no decurso destas actividades, a capacidade analítica e crítica, a participación informada e coerente e, cando corresponder, a participación e o traballo en equipa.	30
Estudo de casos	A2 A14 B1 C4	Será avaliada a capacidade analítica e crítica, o entendemento dos procesos focados e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para as actividades destas características.	25

Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que figuran no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués en 6/7/2018 e publicado no Campus Virtual). Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). O alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos docentes. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor através do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas ou de acompañar regularmente a materia (por motivos laborais, de conciliación, cuidados, etc.) debe tamén contactar co profesor coa antecedencia precisa.

O alumnado que se apresente á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente e, para superar a materia, realizará e superará unha proba mixta (5 valores), dúas recensións bibliográficas (2 valores) e aqueles estudos de caso (3 valores) que lle foren encomendados. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor através do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade deberán ser realizadas satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior ou aqueles outros traballos que foren agora solicitados.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non presente ningunha das actividades previstas neste guía.

Fontes de información



Bibliografía básica

1. AA.VV. (1984). *Literatura e realidade (que é o Realismo?)*. Lisboa: Dom Quixote.

2. Amaral, F. Pinto de (1991). *O mosaico fluido. Modernidade e pós-modernidade na poesia portuguesa mais recente (autores revelados na década de 70)*. Lisboa: Assírio & Alvim.

3. Barreira, C. (1981). *Nacionalismo e modernismo. De Homem Cristo Filho a Almada Negreiros*. Lisboa: Assírio & Alvim.

4. Bernardes, José Augusto Cardoso et al (dir.) (1995-2002). *BIBLOS. Enciclopédia VERBO das literaturas de língua portuguesa*. Lisboa-São Paulo: Verbo (5 vols.).

5. Bessa-Luís, A. (1979). *A vida e a obra de Florbela Espanca*. Lisboa: Arcádia.

6. Buescu, Maria Leonor Carvalhão (1994). *História da literatura*. Lisboa: IN-CM.

7. Coelho, Jacinto Prado (ed.) (1987). *Dicionário de literatura: literatura portuguesa, brasileira, galega, estilística literária*. Porto: Figueirinhas (5 vols. e atualização de 2002-2003).

8. Cruz, L. (1971). *Viragem do romance português*. Paris: Fundação Calouste Gulbenkian.

9. Dias, A.F. (1998). *História e crítica da literatura portuguesa*. São Paulo: Verbo.

10. Ferreira, A. (ed.) (1980). *Antologia de textos da "Questão Coimbrã"*. Lisboa: Moraes Ed.

11. Ferreira, João Palma (1985). *Literatura portuguesa: história e crítica*. Lisboa: IN-CM.

12. Gavilanes, José Luis & Apolinário, António (eds.) (2000). *Historia de la Literatura Portuguesa*. Madrid: Cátedra.

13. George, João Pedro (2002). *O meio literário português (1960/1998) prémios literários, escritores e acontecimentos*. Algés: Difel.

14. Guerra da Cal, Ernesto (1981). *Língua e estilo em Eça de Queiroz [trad.]*. Coimbra: Almedina.

15. Guimarães, Fernando (1969). *A Poesia da presença e o aparecimento do neo-realismo*. Porto: Inova.

16. Lopes, Óscar (s.d.). *Oliveira Martins e as contradições da Geração de 70*. Porto: Biblioteca Fenianos.

17. Lourenço, Eduardo (2003). *Lourenço, Eduardo. Título Pessoa revisitado : leitura estruturante do drama em gente*. Lisboa: Gradiva.

18. Macedo, Helder (1999). *Nós uma leitura de Cesário Verde*. Lisboa: Presença.

19. Machado, Álvaro Manuel (1998). *A Geração de 70. Uma revolução cultural e literária*. Lisboa: Presença.

20. Marinho, Maria de Fátima (1999). *O romance histórico em Portugal*. Porto: Campo das Letras.

21. Martins, A. Coimbra (1967). *Ensaio Queirosianos. O Mandarim assassinado. O incesto d'Os Maias. Imitação capital*. Lisboa: Publicações Europa-América.

22. Martins, Fernando Cabral (coord.) (2008). *Dicionário de Fernando Pessoa e do modernismo português*. Lisboa: Caminho.

23. Melo e Castro, E.M. (1980). *As vanguardas na poesia portuguesa do século XX*. Lisboa: ICALP.

24. Morao, Paula (1991). *O Só de António Nobre uma leitura do nome*. Lisboa: Caminho.

25. Pascoaes, Teixeira de (1988). *A Saudade e o saudosismo dispersos e opúsculos (Pinharada Gomes ed.)*. Lisboa: Assírio e Alvim.

26. Petrov, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura portuguesas. De Eça de Queirós a Fernando Pessoa*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora.

27. Petrov, Petar et al (ed.) (2012). *Avanços em literatura e cultura portuguesas. Século XX*. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora (vols.1-3).

28. Pimentel, F. Vieira (1981). *Tendências da estética finissecular. D. João da Câmara. Um caso exemplar*. Ponta Delgada: Universidade dos Açores.

29. Pimentel, F.J. Vieira (ed.) (2002). *Presença : labor e destino de uma geração, 1927-1940: estudos e ensaios*. Coimbra: Angelus Novus Editora.

30. Pires, Daniel (1986). *Dicionário das revistas literárias portuguesas do século XX*. Lisboa: Contexto.

31. Popper, Karl R. (1987). *O Realismo e o objectivo da ciência*. Lisboa: Dom Quixote.

32. Quadros, António (1989). *O primeiro modernismo português: vanguarda e tradição*. Lisboa: Publicações Europa-América.

33. Rebelo, Helena (coord.) (2011). *Lusofonia. Tempo de reciprocidades (Actas do IX Congresso da AIL)*. Porto: Afrontamento (2 vols.).

34. Reis, Carlos (coord.) (1989). *Literatura portuguesa moderna e contemporânea*. Lisboa: Universidade Aberta.

35. Reis, Carlos (dir.) (1991-1996). *História crítica da literatura portuguesa*. Lisboa: Verbo (9 vols.).

36. Rodriguez, J.L. et al (eds.) (2008). *Da Galiza a Timor. A Lusofonia em foco (Actas do VIII Congresso da AIL)*. Santiago de Compostela: USC (3 vols.).

37. Saraiva, António José (1982). *As ideias de Eça de Queirós*. Amadora: Bertrand.

38. Saraiva, António José e Lopes, Óscar (1992). *História da literatura portuguesa*. Porto: Porto Editora.

39. Simões, M.L. Netto (1975). *Narrativa portuguesa em processo de fragmentação*. Petrópolis: Vozes.

40. Taibo, Carlos (2010). *Parecia não pisar o chão. Treze ensaios sobre as vidas de Fernando Pessoa*. Santiago de Compostela: Através Edirora.

41. Torres, A. Pinheiro (1977). *O Neo-Realismo literário português*. Lisboa: Moraes Ed.

42. VV.AA. (1991). *A arte e a sociedade portuguesa no século XX (1910-1990)*. Lisboa: Livros Horizonte.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Castro, A. (1960). Balzac em Portugal. Coimbra - Guimarães, Fernando (ed.) (2001). Simbolismo, saudosismo e modernismo antologia de poesía portuguesa. Lisboa: Quase - Hourcade, P. (1963). Guerra Junqueiro et le problème des influences françaises en son oeuvre. Paris - Martines, Enrico (ed.) (1998). Cartas entre Fernando Pessoa e os directores da presença. Lisboa: IN-CM - Monteiro, João César (1969). Sophia de Mello Breyner Andersen. http://www.youtube.com/watch?v=3JA7lxeovVY - Silva, Manuela Parreira da (ed.) (2001). Cartas de Mário de Sá-Carneiro a Fernando Pessoa. Lisboa: Assírio & Alvim - Torres Feijó, Elías J. (2003). "Introducción", in La brasileña de Prazins. Madrid: Cátedra - (). Agália. Revista de Estudos na Cultura. http://www.agalia.net - (). Arquivo Pessoa. http://arquivopessoa.net - (). Casa Fernando Pessoa. http://casafernandopessoa.cm-lisboa.pt/index.php?id=2233 - (). Colóquio/ Letras. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian - (). Correntes d'Escritas. Revista de Cultura Literária de Póvoa de Varzim. - (). Dicionário Histórico de Portugal. http://arqnet.pt/dicionario/ - (). Jornal de Letras, Artes e Ideias. http://visao.sapo.pt/JL - (). Literatura portuguesa (Instituto Camões). http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/bases-tematicas/literatura-portuguesa.html - (). Projecto Vercial. http://alfarrabio.di.uminho.pt/vercial/index.html <p>O docente poderá indicar referencias bibliográficas específicas para cada un dos temas en que están organizados os conteúdos da materia. Se foren indicadas leituras (nomeadamente aos efectos da presentación oral que figura no presente guía) estas deberán contemplar, no conxunto da turma, anecesaria variedade en relación tanto co xénero literario como das persoas produtoras. A selección de obras de lectura/ presentación poderá ser feita a partir de unha listaxe orientativa fornecida polo profesor responsábel pola materia.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua e Cultura dos Países de Fala Portuguesa/613G02027

Poesía en Lingua Galega e Portuguesa/613G02043

Materias que continúan o temario

Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa/613G02046

Teatro en Lingua Galega e Portuguesa/613G02047

Observacións

Para o alumnado de mobilidade (programa Erasmus ou outros) poder acompañar correctamente a materia será preciso ter o nivel suficiente (recoméndase un mínimo equivalente ao nivel B2 do Cadro

Europeu) de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, en calquera variante galego-portuguesa. Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías